

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE 1º DE REPERTORIO ORQUESTAL E INSTRUMENTOS AFÍNS (CUADR III)  
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA  
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)  
2024/2025

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: <i>REPERTORIO ORQUESTAL E INSTRUMENTOS AFÍNS III</i>										
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN						ITINERARIO			FAGOT
CARÁCTER	MATERIAS OBRIGATORIAS ESPECÍFICAS						TIPO DE CLASE			INDIVIDUAL
DEPARTAMENTO	VENTO MADEIRA						XEFE/A DE DPTO.			ISMAEL VAQUERO BAQUERO
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA			Alejandra Rivera Fernández	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1H
ECTS/CUAD.			3						Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS						EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA
	ALEJANDRA RIVERA FERNANDEZ						aleriverfer@gmail.com			Luns de 12:30 a 13:30

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Estudo e práctica da literatura orquestral. Afondamento, de ser o caso, dos roles de cada instrumento dentro da sección. Desenvolvemento, de ser o caso, das capacidades técnicas e expresivas dos instrumentos afíns. Estudo da práctica dos instrumentos afíns, de ser o caso, no repertorio orquestral.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A relación natural que se establece entre os contidos propios e os contidos das disciplinas de Repertorio Orquestral, Música de Cámara e Repertorio con Piano Acompañante son o eixo principal da formación do futuro intérprete. O grao de complementariedade entre as disciplinas anteditas creará unha base firme para iniciar uns posibles estudos de posgrao.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1 Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora. T3 Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza. T6 Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal. T13 Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS:	X3 Producir e interpretar axeitadamente a notación gráfica de textos musicais. X6 Dominar un ou máis instrumentos musicais nun nivel axeitado ao seu eido principal de actividade. X8 Aplicar os métodos de traballo máis axeitados para superar os retos que se lle presenten no terreo do estudio persoal e na práctica musical colectiva. X10 Argumentar e expresar verbalmente os seus puntos de vista sobre conceptos musicais diversos. X11 Estar familiarizado cun repertorio amplo e actualizado, centrado na súa especialidade pero aberto a outras tradicións. Recoñecer os rasgos estilísticos que caracterizan o dito repertorio e poder describilos de xeito claro e concreto. X15. Ter un amplo coñecemento das obras máis representativas da literatura histórica e analítica da música.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1 Interpretar o repertorio significativo da súa especialidade tratando axeitadamente os aspectos que o identifican na súa diversidade estilística. EI2 Construír unha idea interpretativa coherente e propia. EI3. Demostrar capacidade para interactuar musicalmente en todo tipo de proxectos musicais participativos, desde o dúo ata os grandes conxuntos. EI4 Expresarse musicalmente co seu instrumento dun xeito fundamentado no coñecemento e dominio na técnica instrumental e corporal, así como nas características acústicas, organolóxicas e nas variantes estilísticas. EI5 Comunicar como intérprete, as estruturas, ideas e materiais musicais con rigor. EI8. Asumir adecuadamente as diferentes funcións subordinadas, participativas ou de liderado que se poden dar nun proxecto musical colectivo. EI9. Coñecer os procesos e recursos propios do traballo orquestral e doutros conxuntos dominando adecuadamente a lectura a primeira vista, mostrando flexibilidade ante as indicacións do/a director/a e capacidade de integración no grupo. EI10 Coñecer as implicacións escénicas que conleva a súa actividade profesional e ser quen de desenvolver as súas aplicacións prácticas.
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	



3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Fomentar no alumno o interese polo repertorio sinfónico, potenciar o uso de fontes fonográficas, e a asistencia a concertos.	T13,X3,X8,X10X11,X15, E2,E3, E5,E10
2. Contextualizar histórica e estilisticamente o repertorio e os fragmentos a traballar.	T1,T13,X6,X8X11,X15, E2,E4,E5,E10
3. Coñecer a estrutura dunha proba de orquestra e as estratexias para afrontala así como participar en probas de orquestra ben sexa de xeito simulado ou real.	T1,T3,T6,T13,X3,X6,X8,X 11,X1 5,E1,E2,E4,E5,E8,E9,E10
4. Coñecer e aplicar axeitadamente os criterios musicais ligados á interpretación do repertorio orquestral de acordo coa súa evolución estilística.	T1,T3,T6,T13,X3,X6,X8,X 11,X1 5,E1,E2,E4,E5,E8,E9,E10
5. Practicar lectura a primeira vista con particellas de obras sinfónicas.	T1,T3,T&,T13,X3,X6, X8,X11,X1
6. Traballar os distintos tipos de rol a desenvolver na orquestra.	T1,T3,T6,T13,X3,X6,X8,X 11,X1 5,E1,E2,E3,E4,E8,E9,E10
7. Coñecer de memoria aqueles solos que pola súa dificultade técnica así o precisen.	T1,T3,T6,T13,X8,E1,E2,E4 ,E5, E8,E9,E10

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN (Por cuadrimestre)		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Interpretación dos extractos orquestrais	1.1 Práctica dos principais extractos orquestrais para fagot requiridos en probas. 1.2 Desenvolvemento de exercicios específicos a partir das dificultades ou necesidades atopadas nun extracto. 1.3 Autoaprendizaxe como parte principal da formación do intérprete. 1.4 Autoavaliación do método de traballo individual. 1.5 Preparación e realización de probas e audicións de forma autónoma.	13 parciais
2. Estudo da técnica	2.1 Sonoridade, afinación e timbre aplicado ao repertorio 2.2 Aplicación do vibrato. 2.3 Desenvolvemento da velocidade de execución. 2.4 Desenvolvemento do picado simple e dobre.	13 parciais
3. Perfeccionamento interpretativo	3.1 Contextualización estilística e histórica do material a interpretar. 3.2 Rasgos interpretativos dos estilos musicais. 3.3 Análise formal e harmónica aplicada. 3.4 Comprensión do discurso musical	13 parciais  2
4. Audición-exame	4.1 Interpretación en público ou exame dos extractos orquestrais. 4.2 Preparación escénica. 4.3 Simulacro de probas.	1
TOTAL SESIÓNS		16



5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE (Por cuadrimestre)			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
1. Actividades introductorias.	1	0	1
2. Actividades de ensinanza-aprendizaxe.	4	0	4
3. Actividades de consolidación.	5	34	39
4. Práctica individual.	5	36	41
5. Pescuda de información.	0	4	4
6. Audición-exame.	1	0	1
TOTAL HORAS			90

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Valoración dos exercicios técnicos, fragmentos e solos orquestrais traballados na aula.	1. Nivel técnico amosado. 2. Execución rítmica precisa 3. Calidade do son, afinación, homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 4. Fidelidade ó texto 5. Coherencia e rigor estilística na interpretación 6. Solvencia técnica. 7. Autonomía no traballo amosado.	Todas	50%
Audicións públicas dos pasaxes definidos nas referencias básicas bibliográficas.	1. Calidade do so e na afinación. Homoxeneidade nos diferentes rexistros. 2. Fidelidade ao texto. 3. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 4. Control da sonoridade e da afinación. 5. Posta en escena e interpretación de memoria dalgún solo orquestral.	Todas	50%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Audicións públicas dos pasaxes definidos nas referencias básicas bibliográficas.	1. Calidade do so e na afinación. Homoxeneidade nos diferentes rexistros. 2. Fidelidade ao texto. 3. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 4. Control da sonoridade e da afinación. 5. Posta en escena e interpretación de memoria dalgún solo orquestral.	Todas	100%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) *(Alumnos que superen as 3faltas por cuadrimestre, establecidas no centro, aprobadas en consello escolar)			
Audicións públicas dos pasaxes definidos nas referencias básicas bibliográficas.	1. Calidade do so e na afinación. Homoxeneidade nos diferentes rexistros. 2. Fidelidade ao texto. 3. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 4. Control da sonoridade e da afinación. 5. Posta en escena e interpretación de memoria dalgún solo orquestral.	Todas	100%
<b>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b>			
Audicións públicas dos pasaxes definidos nas referencias básicas bibliográficas.	1. Calidade do so e na afinación. Homoxeneidade nos diferentes rexistros. 2. Fidelidade ao texto. 3. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 4. Control da sonoridade e da afinación. 5. Posta en escena e interpretación de memoria dalgún solo orquestral.	Todas	100%
<b>7. CRITERIO PARA CONCESIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA.</b>			
Os alumnos que acaden unha cualificación de 9 poderán ser propostos para obter matrícula de honra. No caso de que o número de alumnos propostos supere ó número de matrículas de honra posibles, resolverase nas audicións programadas para a avaliación do cuadrimestre.			



**8 ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS**

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Así mesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

**9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS**

<ul style="list-style-type: none"><li>- Kolbinger &amp; Rinderspacher, <i>Orchester Probespiel</i>. Ed.Peters.</li><li>- Righini,F., <i>Il fagotto in orchestra</i>.Ed.F.Righini.</li><li>- Seltmann Angerhofer., <i>Das Fagott-The Bassoon Vol.6/Das Kontrafagott</i>.</li><li>- Stadio,C., <i>Passi difficili e "a solo" per fagotto</i>.</li></ul>
---